

O PSOE respalda ás asociacións impulsoras dos entroidos de Salcedo e Ribeirao na súa reivindicación de solicitar á Xunta a declaración de *Festa de Interese Turístico Galego*

Unha representación dos colectivos veciñais e culturais destes municipios saíron este sábado á rúa cos traxes típicos dos entroidos, a destempo, para facer unha posta en escena e chamar a atención do Goberno de Feijóo

O PSOE da provincia de Lugo e, en especial, o deputado autonómico, Vicente Docasar, vén realizando nos últimos meses unha intensa actividade en prol desta declaración, “un recoñecemento oficial que merecen as persoas que fan posible ano a ano estes festexos”, subliñou o voceiro de Educación no Parlamento de Galicia

Os socialistas denuncian “a falta de interese do PP”, sobre todo, cando estas festas están á altura de calquera das que teñen recoñecida a distinción na provincia de Ourense e incluso, como acontece co traxe do oso de Salcedo, este expónse anualmente no Museo Internacional da Máscara de Binche, declarada pola UNESCO *Patrimonio da Humanidade*

CHANTADA, 28 DE MARZO DE 2015.-Este sábado celebrouse en Chantada un acto reivindicativo promovido polas asociacións veciñais e culturais organizadoras dos entroidos de Salcedo, no concello de Pobra de Brollón, e o de Ribeirao, en Chantada, para reclamar á Xunta de Galicia que os declare, dunha vez por todas, como *Festa de Interese Turístico Galego*. “A intención é xuntarnos todos e facer ruído na rúa, saír cos traxes típicos a destempo, facer unha posta en escena e chamar a atención do Goberno de Feijóo”, explicaron.

Neste acto participaron tamén o deputado autonómico -Vicente Docasare- representantes socialistas de Chantada e Pobra de Brollón -Raquel López e Javier González-. Para o PSOE os festexos alcanzaron unha alta relevancia como atractivo turístico de Galicia. É, por este motivo, polo que “hai que facer todo o posible para que sexa recoñecida a súa declaración, o que suporá un enorme pulo económico, turístico e cultural para estes concellos e para toda a Zona Sur da provincia”, engadiron.

Intenso traballo dos socialistas e das asociacións

Neste senso, o PSOE da provincia de Lugo e, en especial, o deputado autonómico, Vicente Docasar, vén realizando nos últimos meses unha intensa actividade en prol desta declaración, “un recoñecemento oficial que merecen as persoas que fan posible ano a ano estes entroidos”. Por iso, dende o mes de febreiro, presentáronse no Parlamento unha serie de preguntas para instar ao Goberno galego a declarar estes eventos como festa de interese turístico e a aclarar a situación da solicitude da distinción.

Os organizadores da festa en Salcedo, levan xa máis de seis anos agardando a que a Xunta de Galicia lles outorgue ou non o recoñecemento oficial. A asociación rexistrara no seu día a documentación pertinente para a súa declaración, así como un estudo pormenorizado no que se abordaba a orixe, o significado do ritual e documentación gráfica sobre o evento, pero o PP deixou pasar anos sen dar unha resposta ao respecto. Por iso, dende a asociación de Salcedo subliñan que “sacamos nesta ocasión ao oso a destempo para reivindicar a atención da Xunta de Galicia”.

Por outra banda, a Asociación de Amigas e Amigos do Entroido de Ribeirao de Santiago de Arriba leva tamén varios anos loitando para acadar un recoñecemento institucional para esta ancestral festa. Ata o de agora, para mantemento da tradición, contan unicamente coa axuda dada pola Deputación de Lugo (4.000 euros) e o Concello de Chantada (600 euros) pero nada da

administración autonómica. Con estas pequenas subvencións que reciben, teñen que facer os traxes do entroido e financiar as saídas que supoñen unha promoción para o turismo de Galicia.

Falta de interese do PP

Ante tal despreocupación por parte da administración autonómica, Javier González afirmou que “non entendemos como estes dous entroidos, coa súa peculiaridade e o traballo que realizan para mantelos, non reciban a declaración oficial”. A este respecto, denunciou “a falta de interese do PP de Lugo, que está moi pouco interesado polas súas festas, a pesares de que estes entroidos están a altura de calquera dos que teñen recoñecida a distinción na provincia de Ourense”. “Parece que teñen que vir de fóra de Galicia para pór en valor o noso, pois o traxe do oso de Salcedo expone actualmente no Museo Internacional da Máscara de Binche en Bélxica, declarada pola UNESCO *Patrimonio da Humanidade*”, destacou.

Neste mesmo senso se pronunciou a voceira socialista de Chantada. “Agardo que, con este chamamento de atención, a Xunta estea moito máis receptiva e disposta á declaración, xa que suporía un recoñecemento enorme ao esforzo dos veciños”, indicou Raquel López.